



A mestra ordense e pintora, Sabela Arias, presentou onte a publicación na librería Lila de Lilith // Condensou dez anos de traballo nun total de 110 ilustracións **TEXTO Mar Toledo**

As viñetas de Icía e Avóia pasean baixo as pedras de Compostela

Encontros entre avóia e neta, conversas do que acontece arredor do mundo e humor agochado nas verbas da experiencia e da inxenuidade... unha fermosa mestura interpretada de xeito gráfico que saca cada semana os sorrisos máis tenros dos lectores de **Terras de Santiago**.

A artífice destas ilustracións nas que as protagonistas son Icía e Avóia é a mestra do instituto ordense Sabela Arias, tamén pintora nos seus ratos libres e que agora condensa nun libro as súas viñetas, recollendo un total de 110 que foron feitas no transcurso de dez anos. A asociación cultural Eira Vella arropou a publicación deste volume que foi presentado por primeira vez a pasada semana en Betanzos e tivo onte a seguinte parada en Santiago de Compostela. A librería Lila de Lilith ambientouse para a ocasión nos tonos que a caracterizan, branco e lila, creando un espazo do máis cálido no que se encheron todas as cadeiras dispoñibles.

Nesta cita, a autora estivo acompañada por Pilar Vázquez, da Asociación Cultural Eira Vella, e por Charo Velho, unha compañeira de traballo do instituto. Arias abriu a presentación explicando o longo percorrido de Icía e Avóia que ademais de deixar pegada neste xornal, estivo presente na publicación dixital *Enchufa-*



Pilar Vázquez, Sabela Arias e Charo Velho na librería Lila de Lilith, de esquerda a dereita. Foto: M. Toledo

“A publicación transmite o progreso da viñeta en toda a súa traxectoria”, afirmou a autora, nun acto cálido onde os asistiron encheron todas as cadeiras

dos. O libro conta cun prólogo do escritor Xosé Neira Vilas e outro da súa filla, Icía. “Transmítese o progreso da viñeta en toda a súa traxectoria, dende os inicios en branco e negro”, explicou.

Vázquez comentou a importancia que ten á cultura para a asociación Eira Vella e o que significa esta publicación, “pareceunos unha boa oportunidade co

humor sacar este libro”. A mestra Charo Velho incidíu en como se xeraron ao carón de Sabela as ilustracións, sendo unha boa testemuña de todo o proceso, “acompañoume en moitas ocasións dende os inicios”, asegurou Arias. O libro de Icía e Avóia xa está dispoñible en Lila de Lilith e continuará as presentacións en A Coruña, Lugo e Ordes.

{CARA Y CRUZ}

Cibrán Canedo

Humor y desafuero

RETRANCA. La abuela, retranqueira que no sarcástica, crítica pero sin llegar a la acidez, evidencia, semana a semana, desde las páginas de **Terras** ese saber que es posible desde la aplastante lógica de una cabeza bien amueblada y que, además, asienta sus raíces en el conocimiento que dan la experiencia y los años. El resultado, las categóricas sentencias con que la abuela va adentrando a su nieta Icía en este mundo de contradicciones y sinsabores. **Sabela Arias**, su autora, acaba de juntarlas en un libro para su más recomendable consumo en píldoras diarias.

ARBITRARIEDAD. Por razones que se escapan al común de los mortales y cuya lógica sólo entra dentro de lo más indecoroso de la política, la Xunta acaba de cerrar un centro de día en Carnota porque, al parecer, no reúne las condiciones debidas. Y ello, por más que se hizo siguiendo sus indicaciones. Pero en vez de buscar una nueva ubicación en el propio término municipal, se decide su traslado a Muros, a 17 kilómetros, lo que no favorece precisamente la conciliación familiar de la que con más parafernalia que realidad hablan los poderes públicos.

NUEVO PEUGEOT 308
VEN Y DESCÚBRELO

DIMONORTE CONCESIONARIO PEUGEOT EN SANTIAGO | Milladoiro km 68 | Tlf 981 521 600 | www.dimonorte.com